



CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

No Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo, tramítase o recurso Procedemento Ordinario 0000307 / 2019 F, interposto por Concello de Rábade contra a resolución da Alcaldía deste concello do 13/08/2018 de desestimación do recurso de reposición interposto por BEGASA contra a liquidación practicada en concepto de Taxa polo Aproveitamento especial de dominio público local.

Notifícase para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer no xulgado como demandadas no prazo de 9 días, de conformidade co establecido no art. 49, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Begonte, a 24 de Setembro de 2019.- O ALCALDE-PRESIDENTE, José Ulla Rocha.

R. 2879

MURAS

Anuncio

Aprobación definitiva expediente de transferencia de crédito

Tendo quedado definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o expediente de Transferencia de crédito, por acordo do Pleno adoptado en sesión celebrada o día 28 de agosto de 2019 e polo transcurso do prazo de 15 de días de exposición ó público, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que o Orzamento do ano 2017, trala entrada en vigor do devandito expediente, tanto no estado de gastos como no estado de ingresos, correspondendo a cada capítulo as cantidades que de seguido se expresan, segundo o seguinte detalle

CAPITULO	OPERACIONES CORRENTES	ALTAS	BAIXAS	TOTALES
1	Gastos de Persoal			497.699,97
2	Gastos en bens correntes e servizos	7.850,00		1.071.961,03
3	Gastos financeiros			1.500,00
4	Transferencias correntes		12.597,73	100.702,27
	Total operacions correntes			1.676.611,00
	OPERACIONES DE CAPITAL			
6	Inversions reais	4.747,73		250.847,73
8	Activos financeiros			0,00
9	Pasivos financeiros			0,00
	Total operacions capital			246.100,00
	TOTAL XERAL			1.922.711,00

CAPITULO	OPERACIONES CORRENTES	TOTALES
1	Impostos directos	1.198.000,00
2	Impostos indirectos	7.000,00
3	Taxas, precios públicos e outros ingresos	134.551,00
4	Transferencias correntes	580.560,00
5	Ingresos patrimoniais	2.600,00
	Total operacions correntes	1.922.711,00
	OPERACIONES DE CAPITAL	
6	Enaxenación inversiones reais	0,00
7	Transferencias capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
	Total operaciones capital	0,00
	TOTAL GENERAL	1.922.711,00

Muras, a 24 de setembro de 2019.- O ALCALDE, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2880

Anuncio

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza municipal reguladora da tenenza de animais potencialmente perigosos, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

PREÁMBULO

As relacións entre homes e animais desenvolvéronse ao longo da historia de tal maneira, que foron establecéndose como parte da vida social no ámbito urbano.

É por tanto responsabilidade dos Poderes Públicos, o manter de forma ordenada e respectuosa os vínculos que nos unen tendo en conta para a súa regulación, tanto as molestias e perigos que poden ocasionar estes animais como o gran valor da súa compañía para un elevado número de cidadáns.

Deste xeito cabe outorgar especial énfase aos animais potencialmente perigosos, dada a inquietude social que suscitan os ataques protagonizados por estes cans ás persoas que obriga á súa regulación específica.

Así o obxecto da ordenanza, é a regulación, neste municipio, da tenencia e protección de Animais potencialmente perigosos, en harmonía co disposto na lexislación sobre a materia.

Polo que este Concello atendendo ao principio de autonomía local e as competencias que lle corresponden conforme ao artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, considera necesaria a regulación da ordenanza municipal sobre a tenencia de animais potencialmente perigosos.

Todo iso ven xustificar a adecuación da norma aos principios de boa regulación previstos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumprindo con iso a obligación das Administracións Públicas de actuar de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia.

ARTIGO 1. Obxecto

O obxecto da presente Ordenanza é a regulación da tenencia de animais potencialmente perigosos pola concesión dunha licenza que outorgase o Concello en cumprimento do establecido no artigo 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, para a Tenencia de Animais Potencialmente Perigosos, e o seu Regulamento de desenvolvemento, por Real Decreto 287/2002, de 22 de marzo.

Quedan excluídos da aplicación desta Ordenanza os cans e animais pertencentes ás Forzas Armadas, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Corpos de Policía das Comunidades Autónomas, Policía Local e empresas de seguridade con autorización oficial, tal e como di a Lei 50/1999, de 23 de decembro.

ARTIGO 2. Ámbito de Aplicación

A Ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal, deberá ser cumprida por toda persoa física ou xurídica, e afectará a todo o que estea empadroado neste Municipio.

ARTIGO 3. Animais Potencialmente Perigosos

Aos efectos previstos no artigo 2.2 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, terán a consideración de cans potencialmente perigosos:

Os cans que pertencen a estas razas ou que están cruzados:

Pit Bull Terrier.

Staffordshire Bull Terrier.

American Staffordshire Terrier.

Rottweiler.

Dogo Arxentino.

Fila Brasileiro.

Tosa Inu.

Akita Inu.

Os cans, salvo que se trate de cans-guía ou de cans de asistencia acreditados e adestrados en centros oficialmente recoñecidos, conforme á lexislación autonómica ou, no seu caso, estatal, así como aqueles cans que se atopen en fase de instrución para adquirir esa condición, que reúnan todas ou a maioría das características seguintes:

Forte musculatura, aspecto poderoso, robusto, configuración atlética, axilidade, vigor e resistencia.

Marcado carácter e gran valor.

Pelo curto.

Perímetro torácico comprendido entre 60 e 80 centímetros, altura á cruz entre 50 e 70 centímetros e peso superior a 20 Kg.

Cabeza voluminosa, cuboide, robusta, con cranio ancho e grande e fazulas musculosas e bombeadas. Mandíbulas grandes e fortes, boca robusta, ancha e profunda.

PESCOZO ancho, musculoso e curto.

Peito macizo, ancho, grande, profundo, costelas arqueadas e lombo musculoso e curto.

Extremidades anteriores paralelas, rectas e robustas e extremidades posteriores moi musculosas, con patas relativamente longas formando un ángulo moderado.

En todo caso, aínda que non se atopen incluídos no apartado anterior, serán considerados cans potencialmente perigosos aqueles animais da especie canina que manifesten un carácter marcadamente agresivo ou que protagonicen agresións a persoas ou a outros animais.

Nos supostos contemplados no parágrafo anterior, o potencial perigo deberá ser apreciada pola Autoridade competente atendendo a criterios obxectivos, ben de oficio ou ben tras ser obxecto dunha notificación ou una denuncia, previo informe dun veterinario, oficial ou colexiado, designado ou habilitado pola Autoridade competente autonómica ou municipal.

ARTIGO 4. A Licenza Municipal

Toda persoa que queira ser propietario dun animal potencialmente perigoso, tanto dun can dunha das razas referidas no artigo anterior como dun can con todas ou a maioría das características enumeradas no citado precepto, deberá solicitar previamente una licenza.

A obtención dunha Licenza para a Tenencia de Animais Potencialmente Perigosos devindicará unha taxa municipal. A contía quedará fixada na súa correspondente Ordenanza fiscal.

ARTIGO 5. Órgano Competente para Outorgar a Licenza

O Alcalde-Presidente da Corporación será o competente para poder outorgar as Licenzas para a Tenencia de Animais Potencialmente Perigosos, en cumprimento do artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

ARTIGO 6. Requisitos para a solicitude da Licenza

Para obter a Licenza para a Tenencia de Animais Potencialmente Perigosos necesítase acreditar os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade.
- Non ser condenado por delitos de homicidio, lesións, torturas, contra a liberdade sexual e a saúde pública, asociación con banda armada ou de narcotráfico, así como non estar privado por Resolución Xudicial do dereito á tenencia de animais potencialmente perigosos.
- Certificado de aptitude psicolóxica e física.
- Acreditación de formalizar un seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros que poidan ser causados polos seus animais, por unha contía mínima de 120 000 euros.
- Non ser sancionado por infraccións graves ou moi graves con algunha das sancións accesorias das recollidas no artigo 13.3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro.

ARTIGO 7. Prazo

A Licenza terá un período de duración de cinco anos, tras o cal deberá ser renovada por períodos sucesivos de igual duración e polo mesmo procedemento.

A Licenza perderá a súa vixencia no momento en que o seu titular deixe de cumprir cos requisitos necesarios para que lle sexa concedida.

Calquera variación dos datos que figuran na Licenza deberá ser comunicada polo seu titular, no prazo de quince días desde que se produza, ao Alcalde.

ARTIGO 8. Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos

O titular da Licenza de Tenencia de Animais Potencialmente Perigosos ten a obrigaón de solicitar a inscrición no Rexistro Municipal dentro dos quince días seguintes á data en que se obtivo a correspondente Licenza, debendo achegar os seguintes datos:

- Os datos persoais do tenedor.
- As características do animal.
- O lugar habitual de residencia do animal.
- O destino do animal, a:
 - *Convivir cos seres humanos
 - * Finalidade distinta, por exemplo, a garda, protección...

ARTIGO 9. Identificación

No caso de cans potencialmente perigosos, os propietarios, criadores ou tenedores terán a obrigaón de identificar o animal mediante un microchip, que deberá implantarse ao animal.

ARTIGO 10. Obrigación dos Tenedores

O titular da Licenza ten a obrigaón de solicitar a inscrición no Rexistro de Animais Potencialmente Perigosos dentro dos quince días seguintes á data en que obteña a correspondente Licenza.

A presenza de animais potencialmente perigosos en lugares ou espazos públicos esixirá que a persoa que os conduza e controle leve consigo a Licenza administrativa e a certificación acreditativa da inscrición do animal no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos.

Os cans potencialmente perigosos deberán levar obrigatoriamente boceira, apropiado para a tipoloxía racial de cada animal, en lugares e espazos públicos.

Deberán ser conducidos e controlados con cadea ou correa non extensible de menos de dous metros, sen que poida levar máis dun destes cans por persoa.

Se o animal se atopa nunha leira, casa de campo, chalé, parcela, terraza, patio ou calquera outro lugar determinado, deberán estar atados, a non ser que dispoña de habitáculo coa superficie, altura e axeitado cerramento, para protexer ás persoas ou animais que acceden ou se acheguen a estes lugares.

A subtracción ou perda do animal deberá ser comunicada polo seu titular ao responsable do Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos, no prazo de corenta e oito horas desde que teña coñecemento deses feitos.

A venda, traspaso, doazón, roubo, morte ou perda do animal deberá comunicarse ao Rexistro Municipal.

Polo traslado dun animal potencialmente perigoso dunha Comunidade Autónoma a outra, se é por un período superior a tres meses ou de maneira permanente, deberá efectuar as inscricións oportunas nos Rexistros Municipais.

Nas follas rexistrais de cada animal farase constar igualmente o certificado de sanidade animal expedido pola Autoridade competente que acredite, anualmente, a inexistencia de enfermidades ou trastornos que o fagan especialmente perigoso.

ARTIGO 11. Infraccións e Sancións

A efectos da presente Ordenanza, as infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves. O coñecemento por parte do Concello, xa sexan de oficio ou por denuncia, da comisión dalgunha das infraccións reguladas no artigo 13 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o Réxime Xurídico da Tenencia de Animais Potencialmente Perigosos, no ámbito das súas competencias, avarará o inicio do expediente sancionador. Serán de aplicación as sancións do artigo 13.5 da Lei 50/1999, de 23 de decembro.

O procedemento sancionador deberá basearse nos principios establecidos na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e no Título XI da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

O prazo do que dispoñen os actuais tenedores, propietarios, criadores de animais potencialmente perigosos é de dous meses, desde a entrada en vigor da presente Ordenanza, para a solicitude da Licenza.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor aos quince días da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia de conformidade cos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e do artigo 131 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente Acordo, interporase recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Muras, a 24 de setembro de 2019.- O ALCALDE, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2881

PARADELA

Anuncio

Por acordo de Xunta de Goberno Local de 24 de setembro de 2019, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas e lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 1º semestre do exercicio 2019, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante esta Xunta de Goberno Local, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interponerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económicoadministrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Paradela, 24 de setembro de 2019.- O Alcalde, José Manuel Mato Díaz.

R.- 2871

PEDRAFITA DO CEBREIRO*Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE AGOSTO 2019.**

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 12 de setembro de 2019 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de agosto de 2019, de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de agosto: 3657,62 €

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de outubro de 2019 e o 01 de xaneiro de 2020

Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

En Pedrafita do Cebreiro 18 de setembro de 2019.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2872

RIBADEO*Anuncio*

Expediente núm.: 2073/2019

BASES ESPECIFICAS REGULADORAS DO ACCESO A POSTO DE OFICIAL ALBANEL DO SERVIZO DE OBRAS DE CARACTER LABORAL INTERINO.**1.-OBXECTO DA CONVOCATORIA.-**

O obxecto das presentes bases é a cobertura baixo o réxime de interinidade dun posto de traballo da RPT municipal sinalado co número 1022/1 vacante na actualidade.

2.-CARACTERÍSTICAS DO POSTO:

Grupo. Asimilado a un Grupo C2 de funcionarios.

Clasificación: Cadro de Persoal Laboral, Administración Especial.

Adscripción: Servizos de mantemento de instalacións e infraestruturas

Posto: 1022/1 da RPT municipal vixente.

3.FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO.

As funcións do posto de traballo que se convoca serán as de execución de traballos manuais de conservación, mantemento e reparación de infraestruturas e instalacións municipais propios desta categoría. Calquera outra función propia do seu cargo ou categoría.

O posto estará sometido ao réxime de incompatibilidades segundo o disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal das Administracións Públicas, no Estatuto Básico do Empregado Público e demais disposicións de aplicación.

4. SISTEMA DE SELECCIÓN: concurso-oposición .

5.NÚMERO DE PRAZAS QUE SE CONVOCAN: Unha

6.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a)Xerais:Os establecidos con carácter xeral no artigo 56 e concordantes do Estatuto Básico do Empregado Público (RDL 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o TR da Lei).

b) Específicos.

1.Titulación académica: Enseñanza secundaria obrigatoria, Graduado Escolar ou titulación semellante ou superior.

2.-Estar en posesión do permiso de conducir da clase B ou superior.

Todos os requisitos esixidos deben posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como funcionario interino, no seu caso.

7.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS SÚAS BASES.-

A convocatoria anunciarase no DOG e as Bases no Boletín Oficial da provincia de Lugo e farase pública tamén no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal. www.ribadeo.gal

Os sucesivos anuncios relativos á convocatoria publicaranse no tablón de anuncios do Concello e web municipal www.ribadeo.gal.

Non se efecturán notificacións individuais.

Os aspirantes ás probas obxecto desta convocatoria quedarán enterados do desenvolvemento do proceso mediante as publicacións pertinentes no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal (artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de RXAPPAC).

8.PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.-

Ás instancias, solicitando tomar parte no proceso selectivo, dirixiranse á Alcaldía-Presidencia.

Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo debidamente cumprimentadas, durante o prazo de **vinete días naturais** contados dende o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no DOG.

Poderán asimesmo remitirse na forma establecida na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Para ser admitidas e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas, as personas aspirantes manifestarán nas súas solicitudes que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas Bases, referidos sempre como máximo ao día no que remate o prazo de presentación de instancias.

Os aspirantes con minusvalía igual ou superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude.

Igualmente as persoas aspirantes comprometéense, no caso de ser propostos para o correspondente nomeamento, a prestar xuramento ou promesa de acordo co que determina o Real Decreto 707/1979, de 5 de abril.

Á instancia acompañarase **inexcusablemente** a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou documento equivalente.
- Titulación, no seu caso, que acredite o cumprimento deste requisito.
- Acompañarase unha relación circunstanciada dos méritos que aleguen pola orde que se estableza na correspondente convocatoria, uníndose a dita relación os documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas), e non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos, no momento de remate do prazo de presentación de solicitudes.

9.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución pola que se declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, así como o prazo para subsanación que será de 10 días, de conformidade co desposto no art. 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

A corrección de erros, poderase enmendar de oficio ou a instancia de parte de acordo co art. 105.2 da lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo común.

Dita resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia así como no Taboleiro de anuncios do Concello. Quen non presente a solicitude de subsanación ou reclamación no indicado prazo decaerá no seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Rematado o prazo ditarase resolución pola que se aproba a lista definitiva, resoltas as reclamacións que no seu caso se produzan, e indicarse igualmente o lugar e data de comezo do 1º exercicio e orde de actuación dos aspirantes así como a composición do Tribunal, publicándose estes anuncios e calquera outro anuncio sucesivo en relación a este proceso selectivo no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal.

Se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, incluso durante a celebración das probas se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión ésta considerase defecto insubsanable e resolverá dita exclusión.

Dende a terminación dunha proba e ata o comezo da seguinte deberá transcurrir un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

10.DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.-

A)Fase de oposición:

Serán 3 exercicios.-

Primeiro exercicio. Práctico.

Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas tarefas a desempeñar no posto de traballo tendente a valorar as habilidades e coñecementos necesarios dos aspirantes para a ocupación do posto de oficial albanel.

A proba será determinada polo Tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio,

A duración máxima da mesma non excederá de 30 minutos

O tribunal establecerá con carácter previo os criterios para valorar esta proba que se porán en coñecemento dos aspirantes ao inicio da mesma.

Este exercicio cualificarase polo tribunal de 0 a 10 puntos e serán eliminados aqueles aspirantes que non alcancen un mínimo de 5 puntos.

Segundo Exercicio.- De carácter obligatorio e eliminatorio consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo de unha hora, un tema determinado polo Tribunal inmediatamente antes de comezar o exercicio e relacionado coas materias comprendidas no Programa do ANEXO I, aínda que non se ataña a un epígrafe concreto daquel.

O Tribunal propondrá dous temas aos aspirantes dos que deberán elixir un que deberán contestar obrigatoriamente.

Os aspirantes terán liberdade en canto á forma de exposición se refire, valorándose polo Tribunal a formación xeral, a claridade de ideas e coñecemento da materia así como o rigor e precisión na exposición.

Posteriormente ou no propio acto serán convocados, no seu caso, oportunamente para proceder por sí mesmos á lectura pública dos exercicios.

Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e será preciso acadar un mínimo de 5 puntos para superalo.

Terceiro exercicio. Idioma galego.- De carácter obligatorio e non eliminatorio consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun texto proposto polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse o exercicio, nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de dicionario.

Por cada falta de ortografía descontarase 0,05 puntos.

Este exercicio cualificarase cun máximo de 1,00 punto.

***Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do galego, nivel de iniciación ou equivalente ou Celga 2, que se valorará con 1 punto.**

B)Fase de concurso: Cualificarase esta fase de acordo cos méritos aportados polos aspirantes e segundo se especifica no ANEXO II destas Bases e sen que a cualificación poida exceder de 4 puntos na súa totalidade.

Esta fase non ten carácter eliminatorio nin se terá en conta para superar as probas da fase de oposición.

Esta fase cualificarase o mesmo día fixado para a oposición.

Cualificación final: A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso selectivo será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do Tribunal ou a determinada de común acordo polo conxunto dos seus membros.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións das fase de oposición e concurso.

11.TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Estará constituído polas seguintes persoas:

Presidente:

Titular e suplente correspondente. Un funcionario de categoría ou escala igual ou superior á praza que se convoca, designado pola Alcaldía-Presidencia.

Vogais: 3 funcionarios de categoría ou subescala igual ou superior ao posto que se convoca e os seus suplentes correspondentes.

Secretario: O Secretario Xeral do Concello de Ribadeo e como suplente do mesmo un funcionario do Concello con categoría igual ou superior ao posto que se convoca. Actuará con voz e sen voto.

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases e para tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas.

Aplicarase igualmente a lexislación básica do Estado sobre Función Pública e o R.D. 896/1991 polo que se establecen as regras e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de persoal funcionario de Administración Local. No non previsto nelas, a regulamentación para o ingreso na Función Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e supletoriamente, o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado.

12.- RELACIÓN DE APROBADOS.-

Unha vez rematada a cualificación das persoas aspirantes o Tribunal publicará por orde de puntuación a relación de aprobados e elevará dita relación ao órgano competente do Concello aos efectos da tramitación do correspondente nomeamento.

O Tribunal cualificador non poderá propoñer o acceso á condición de empregado laboral interino a un número superior de aprobados ao de postos ou prazas convocadas, neste caso unha.

13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

A persoa proposta aportará, dentro do prazo dun mes contado a partir da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- 1.- Fotocopia (que deberá presentarse co orixinal para compulsar) do seu Documento Nacional de Identidade ou documento que o substitúa.
- 2.- Copia autenticada ou fotocopia (que deberá presentarse co seu orixinal para compulsar) do título ou no seu caso, diploma en base ao cal se procedeu á súa admisión ou xustificante de cumprir os requisitos para a expedición do mesmo.
- 3.- Certificado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que aspira.
- 4.- Certificado de antecedentes penais.
- 5.- Declaración complementaria de conduta cidadá.
- 6.- Declaración responsable de non ter sido separado dos servizos do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais mediante expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- 7.- Declaración responsable de non atoparse incurso en ningún dos supostos de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- 8.- Declaración responsable de non incurrir en ningún dos supostos de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas segundo a Lei 53/1984, de 26 de decembro e normativa de desenvolvemento da mesma.
- 9.- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (para o caso de haber estado de alta na mesma).
- 10.- Certificado ou documento acreditativo de conta bancaria (IBAN)

O aspirante cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que supere a oposición deberá ademais acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes así como a compatibilidade co desempeño das tarefas do posto.

Para o suposto de que tivera a condición de funcionario ou empregado público, estará exento de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento debendo presentar certificación do Ministerio ou Organismo de que dependa, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal ou folla de servizos.

14. SINATURA DE CONTRATO LABORAL.-

Quen no prazo indicado non presente a documentación indicada (salvo casos de forza maior), non poderá asinar o contrato laboral de interinidade, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo.

O nomeamento como empregado laboral de carácter interino/a será publicado no BOP de Lugo.

15.- LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN.-

RDL 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto básico do empregado público.

RDL 2/2015 de 23 de outubro, de aprobación do TR da Lei do Estatuto dos traballadores.

Lei 2/2015 de 29 de abril do emprego público de Galicia.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.

R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o

Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.

ANEXO I

A) FASE DE OPOSICION

TEMARIO.-

Tema 1.- A constitución española de 1978. Principios Xerais.

Tema 2.-Organización municipal. Competencias dos Concellos. O Pleno, O Alcalde. Especial referencia ao Concello de Ribadeo (servicios municipais).

Tema 3.- Procedemento Administrativo Local. O rexistro de entrada e saída de documentos

Tema 4.- Dereitos e deberes dos empregados públicos. Retribucións, permisos, licenzas, incompatibilidades.

Tema 5.- O Concello de Ribadeo (Parroquias existentes, núcleos de poboación, rúas da vila).

Tema 6.-Prevención de accidentes laborais: Dereitos e obrigas do empresario e dos traballadores. Primeiros auxilios no caso de accidentes de traballo.

Tema 7.- Construcción de paredes de ladrillos, diferentes tipos. Revestimentos de paredes e traballos complementarios de albanería: Apertura de rozas, apertura de ocos.

Tema 8. Reformulos. Cementos, estrutura, muros e peches. Trazados de aliñacións,interpretación de planos, escalas e cotas. Aparellos e ferramentas manuais de medida.

Tema 9.- Cementos: Clases. Fraguado e endurecemento. Resistencia. Morteiros: Definición. A súa preparación con medios manuais e mecánicos. Utilidades dos morteiros: Tipos, dosificacións e nomenclaturas. Aplicacións dos diferentes tipos.

Tema 10.- Materiais auxiliares empregados en albanería: Mallas, cantoneiras, perfís auxiliares, impermeabilizantes, etc.

Tema 11. Revestimientos verticais: enfoscados, revocos, enlucidos, estucados. Medios necesarios e execución.

Tema 12. Aplacados y alicatados en paramentos verticais. Pedra cerámica, azulexos.

Tema 13.- Pavimentos e solados. Formigóns, baldosas, pavimentos continuos e lixeiros.

Tema 14.- Illamento acústico e térmico na construción. Tipos e uso.

Tema 15.- Falsos teitos. Tipos compoñentes construción e características.

Tema 16.- Cubiertas inclinadas. Características construción e mantemento.

Tema 17.- Cubertas planas transitables e non transitables. Características, construción e mantemento.

Tema 18. Axudas de albanería en oficios propios da construción. Fontanería,calefacción, gas, electricidade, telefonía, carpintería, cerrallería e pintura.

Tema 19. A igualdade de xéneros, conceptos e normativa

Tema 20. Principios básicos de Prevención de Riscos laborais. Normativa legal.

ANEXO II

B)FASE DE CONCURSO: BAREMO DE MÉRITOS.

a) Coñecemento e experiencia profesional podendo ser valorada no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.

1.1) Polo tempo de prestación de servizos como oficial albanel en calquera administración pública ou organismos ou entidades dependentes ou participadas pola mesma, a razón de 0, 10 puntos por mes completo.

A acreditación da experiencia efectuarase documentalmente mediante certificado de servizos emitido polo órgano competente.

b) Cursos: Podendo ser valorados no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.

1.- Cursos relacionados co posto de traballo a desempeñar, impartidos pola Administración Pública ou Entidades dela dependentes ou homologados por éstas, coa seguinte valoración, ata un máximo de 2 puntos:

Cursos de 100 ou mais horas..... 0,75 puntos.

Cursos de 70 a 99 horas..... 0,50 puntos.

Cursos de 40 a 69 horas.....0,20 puntos.

Cursos de 15 a 39 horas.....0,10 puntos.

Ribadeo, 19 de setembro de 2019.- O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.

R. 2873

SARRIA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA

O Pleno do Concello de Sarria na sesión ordinaria celebrada o 29 de agosto de 2019 acordou a aprobación provisional da ordenanza de prezo público da piscina climatizada Municipal de Sarria, expediente 1776/2017 que sométese, en cumprimento do artigo 49 de LRBRL, a exposición pública por un período de 30 días. O texto da ordenanza pódese consultar na <https://sarria.sedelectronica.es> ou nas oficinas de secretaría.

Sarria, 10 de setembro de 2019.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 2874

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE AGOSTO DE 2019

Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 356/2019 de data 20 de setembro de 2019, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia, correspondente ao mes de agosto de 2019 polo importe total de 5.058,60€.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

En O Valadouro 23 de setembro de 2019.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 2875

O VICEDO

Anuncio

ANUNCIO

Por resolución de Alcaldía de 13 de setembro de 2019, prestouse aprobación ás bases e convocatoria para proceder á selección e nomeamento con carácter interino dun administrativo, pertencente á escala de administración xeral, dentro do programa “Fomento do emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2019”, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, e ao abeiro do artigo 10. 1 c) do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

O Vicedo, 13 de setembro de 2019.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez

BASES DE SELECCIÓN PARA O NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO INTERINO DUN ADMINISTRATIVO, PERTENCENTE Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, Ó ABEIRO DO ARTIGO 10. 1 c) DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, DENTRO DO PROGRAMA: “FOMENTO DO EMPREGO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019”, FINANCIADO POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.-

I.— Obxecto

O obxecto das presentes bases é proceder á selección e nomeamento con carácter interino dun administrativo, pertencente á escala de administración xeral, dentro do programa “Fomento do emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2019”, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, e ao abeiro do artigo 10. 1 c) do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

A natureza xurídica que se empregará será a recollida no artigo 10.1.c) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que se denominará “funcionario interino por execución de programa de carácter temporal”, coa categoría de administrativo, pertencente á escala de administración xeral. A duración do nomeamento terá como data límite o 30 de setembro de 2020, coincidente coa vixencia do programa de “Fomento do emprego do plan provincial único de cooperación cos concellos 2019”, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo.

II.—Funcións/tarefas e retribucións económicas

O aspirante seleccionado/a por medio da presente convocatoria estará suxeito/a, no desenvolvemento das funcións propias da súa categoría profesional, ás normas internas de funcionamento do Concello do Vicedo; tendo como funcións encomendadas as relacionadas co funcionamento administrativo dos servizos do concello, tales como redacción e arquivo de documentos, colaboración na tramitación de expedientes, apoio na contabilidade, etc., e correspondéndolle as retribucións salariais que figuran no presuposto municipal aprobado para 2019, para un grupo C1, C.D. 14.

III.—Condicións dos/as aspirantes

1. Para seren admitidos/as á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español/a ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo isto nos termos do artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
 - b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación.
 - c) Estar en posesión do título de bacharelato ou técnico.
 - d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que aspira, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
 - e) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a do que estivese separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
 - f) Non incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.
 - g) Acreditar o coñecemento da lingua galega co obxecto de garantir os dereitos constitucionais e lingüísticos das persoas usuarias do servizo de conformidade co artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e a Disposición Adicional 2ª, apartado 2, da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.
 - h) Estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada (Base 8ª.1 do Plan único de cooperación cos concellos 2019, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo).
2. Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os/as aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, alomenos, ata a data do seu nomeamento como funcionario/a interino/a, no seu caso.

A persoa seleccionada tamén deberá acreditar, antes da dación de alta na seguridade social:

- Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ó posto de traballo convocado (aportar certificado médico ou certificado de aptitude expedido por mutua autorizada).

IV.—Presentación de solicitudes

1. As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello do Vicedo. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante coa súa dirección e a denominación da praza convocada á que opta e farase constar, expresamente, que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base terceira da convocatoria. (Anexo II).

Xunto coa instancia aportarase a documentación que o/a aspirante desexe que sexa tida en conta no concurso, e conforme ao establecido nos apartados posteriores das presentes bases. Debendo acompañar en todo caso a seguinte documentación:

— Fotocopia compulsada do DNI, ou no seu caso pasaporte.

— Fotocopia compulsada da titulación esixida.

— Declaración xurada de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias da praza a cubrir (Anexo IV).

— Certificado de Lingua Galega CELGA 4, superior ou equivalente, de conformidade coa Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga). No caso de non poder acreditar mediante certificación ou validación o coñecemento da lingua galega será necesario superar a proba establecida na base VI.

— Declaración xurada de non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme. (Anexo IV).

— Declaración xurada de non estar incurso/a en causa algunha de incompatibilidade, de conformidade coa lexislación vixente. (Anexo IV).

— Informe períodos de inscrición como demandante de emprego emitido polo Servizo Público de Emprego e vida laboral actualizada.

— Méritos que se alegan. (Anexo III) Non se valorarán os méritos que non se acrediten.

Os/as solicitantes manifestarán que reúnen todos e cada un dos requisitos enumerados nestas bases referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Se dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, o/a aspirante proposto non presentara toda a documentación ou da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a, quedando anuladas tódalas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incurrir por falsidade na solicitude de participación.

2. O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP). Realizarase tamén publicación na web do concello www.concellodovicedo.org, no blog de emprego: emplegovicedo@blogspot.com, e no taboleiro de edictos da Corporación, así como na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

3. A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello do Vicedo ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo persoal funcionario de Correos de conformidade co artigo 31 do Real Decreto 1829/1999, de 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, de 13 de xullo, do Servizo Postal Universal e de Liberalización dos Servizos Postais.

No caso de presentar a solicitude nun lugar distinto ao Rexistro Xeral do Concello do Vicedo, o/a aspirante deberá remitir por fax, ao número 982590001 ou ben por correo electrónico (concello@concellodovicedo.org) unha copia da instancia co selo do Rexistro onde se presentou antes da finalización do prazo de presentación de instancias.

4. Os/as aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeron constar na solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento ben de oficio, ben a instancia de parte.

V.—Admisión dos/as aspirantes

1. Rematado o prazo dos 10 días naturais fixado para a presentación de solicitudes, por resolución da Alcaldía acordarase a aprobación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as ao concurso - oposición, con

especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios deste Concello, na páxina www.concellodovicedo.org.

Na lista provisional farase indicación do día e da hora na que terá lugar a proba de selección e a valoración da fase de concurso; tamén se designará a composición do tribunal de selección.

De non existir persoas aspirantes excluídas, elevarase a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

2. Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de 2 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do acordo, para poder subsanar ou emendar, no seu caso, o defecto que houbera motivado a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoo ou desestimándoo con publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios e na páxina web: www.concellodovicedo.org. No caso de non presentarse reclamacións polos/as aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

VI.—Sistema de selección

A selección realizarase mediante o sistema de concurso-oposición.

A.—FASE DE OPOSICIÓN: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba teórica escrita, un suposto práctico e unha proba de coñecemento da lingua galega, esta última só para aqueles/as aspirantes que non acrediten no prazo de presentación de instancias o seu coñecemento.

PRIMEIRO EXERCICIO. De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá no desenvolvemento, por escrito, de dous temas, elixidos por sorteo, entre os que figuran no anexo I ás presentes bases, sendo a puntuación máxima 10 puntos, outorgándose 5 puntos por cada tema desenvolvido correctamente, e sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para pasar ó exercicio práctico.

O tempo máximo de realización da proba será de cento vinte (120) minutos.

SEGUNDO EXERCICIO. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nun exercicio que permita valorar a aplicación dos coñecementos e capacidades dos aspirantes a un suposto concreto, así como coñecer as súas habilidades e destrezas. Esta proba práctica simulará un suposto que poida darse no desempeño do posto que se convoca e poderá consistir na realización material da mesma ou na indicación do itinerario a seguir (fases, trámites, solucións a problemas, tratamento de textos, etc.), na realización da mesma, materializando ou sinalando algunha destas fases.

Para a cualificación do exercicio teranse en conta os coñecementos prácticos, habilidade e a corrección lingüística.

Este exercicio valorarase ata un máximo de 10 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 5 puntos, e pasar á fase de concurso.

TERCEIRO EXERCICIO. De carácter obrigatorio e eliminatorio para aqueles/as aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega no prazo de presentación de instancias. Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, coa tradución dun texto do castelán ao galego durante un tempo máximo de 30 minutos. O tribunal poderá establecer, ou non, a lectura pública do texto que será comunicado antes da realización do exame. A proba cualificarase de apto/a-non apto/a.

Estarán exentos/as da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título do CELGA 4 ou equivalente homologado de acordo co grupo de titulación do posto, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

B.—FASE DE CONCURSO:

Valoraranse os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases.

Aos efectos de valoración de méritos, precísase expresamente que non serán valorados os méritos non invocados, nin tampouco aqueles que, aínda sendo invocados, non sexan debidamente acreditados mediante documentos orixinais ou copia compulsada acreditativa daqueles no prazo de presentación de instancias polos/as solicitantes, sen que proceda requirimento de emenda posterior ao efecto, por parte da Administración.

Baremo Xeral de Méritos:

- Por experiencia en traballos iguais (ata un máximo de 2 puntos):
- Experiencia na realización de iguais traballos na administración pública, ata 2 puntos; outorgarase a puntuación de 0,10 puntos por mes traballado.
- Experiencia na realización de iguais traballos na empresa privada, ata 2 puntos; outorgarase a puntuación de 0,05 puntos por mes traballado.

Os servizos prestados acreditaranse, acompañando á instancia para tomar parte no concurso, informe oficial da vida laboral actualizado máis copia compulsada do contrato de traballo no que consten as tarefas realizadas, e IAE (copia compulsada) no caso de traballadores/as autónomos/as. No caso de servizos prestados na Administración Pública, deberán presentar ademais certificado orixinal ou copia compulsada de servizos prestados expedido por dita Administración.

VII.—Tribunal Cualificador

O Tribunal cualificador do concurso - oposición terá a seguinte composición:

- Presidente/a: Pertencente á Administración Local, con carácter de persoal funcionario de carreira do Grupo A.
- Secretario/a: Secretario – Interventor do Concello ou funcionario no que delegue.
- Vogais: Tres membros pertencentes á Administración Local, con carácter de persoal funcionario.

1. O Tribunal de selección, nomeado pola Alcaldía, será colexiado e a súa composición nominal axustarase ao disposto no artigo 60 do Real Decreto 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e ao artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia. Na designación de membros terase en conta a paridade entre homes e mulleres.

2. Poderán formar parte do Tribunal os funcionarios municipais ou de calquera outra administración local, con titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto convocado. Non poderán formar parte as persoas de elección ou designación política, os/as funcionarios/as interinos/as, o persoal laboral, ou persoal eventual e as persoas que nos 5 anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores/as.

3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

4. Todos os membros do tribunal terán voz e voto, incluído o Secretario/a.

5. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoas asesoras especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias así o aconsellen, limitándose os mencionados asesores/as a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

6. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo ao Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

VIII. Cualificacións finais e proposta do tribunal

1. Determinada a cualificación final dos/as aspirantes o Tribunal fará pública a relación de aprobados/as por orde de puntuación no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web: www.concellodovicedo.org

2. O Tribunal, en ningún caso, poderá propoñer o nomeamento dun número de aspirantes aprobados superior ao número de prazas ofertadas. Calquera proposta de nomeamento que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

3. No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e se isto non fora suficiente pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverase mediante sorteo que se realizará en presenza dos interesados.

IX. Toma de posesión dos aspirantes propostos/as

Concluído o proceso selectivo e a proposta do tribunal cualificador, a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, acordarán a toma de posesión do/a aspirante proposto/a.

A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía e para a Xunta de Goberno Local.

Se algún dos/as aspirantes non tomase posesión no prazo que se lle conceda, baseándose na relación de cualificacións finais descrita na Base VIII, a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, poderán acordar a toma de posesión do/a aspirante ou aspirantes seguintes con maior puntuación que se precisen respectando, en todo caso, a orde de puntuación recollida na citada relación.

A Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, poderán igualmente facer uso da facultade recollida no apartado anterior no suposto de que durante a vixencia da prestación de servizos algún dos traballadores/as cause baixa pola razón que sexa.

X. Incompatibilidade co cargo

O réxime de incompatibilidades será o previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e o seu Regulamento.

XI. Protección de datos

De acordo coa Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais, informase aos participantes nesta convocatoria que os seus datos persoais quedarán arquivados no departamento de Persoal deste Concello, coa única finalidade de ter en conta a súa candidatura para o posto ofertado.

XII. Carácter vinculante das bases

As bases desta convocatoria vinculan á administración municipal, ao tribunal cualificador e aos/ás aspirantes que participen no proceso selectivo.

XIII. Incidencias

O tribunal cualificador queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

XIV. Réxime xurídico

Este proceso selectivo regularase polas presentes bases da convocatoria e, supletoriamente, no non previsto nelas, polo disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Réxime Local, o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, sobre procedemento de selección na Administración local, o Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade e demais normativa concordante.

XV. Disposición final

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal cualificador poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a administración municipal poderá, no seu caso, revisar as resolucións do tribunal, segundo o previsto na citada Lei 39/2015.

O Vicedo, 13 de setembro de 2019.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

ANEXO I**Programa**

Tema 1.- A Constitución Española de 1978. Estrutura e contido. Principios xerais. Os dereitos e deberes fundamentais dos españois.

Tema 2.- Protección dos dereitos fundamentais: o recurso de amparo.

Tema 3.- O acto administrativo: concepto, clases e elementos. A súa motivación e a súa notificación. Eficacia e validez dos actos administrativos.

Tema 4.- O procedemento administrativo. Significado. Principios xerais. Fases.

Tema 5.- A administración local. Entidades que comprende. Réxime local español. Principais leis reguladoras de réxime local.

Tema 6.- Órganos de goberno municipais. O Alcalde: elección, deberes e atribucións. Os concelleiros.

Tema 7.- O Concello Pleno: integración e funcións. A Xunta de Goberno Local: integración e funcións.

Tema 8.- O persoal ao servizo das entidades locais: concepto e clases. Dereitos, deberes e incompatibilidades.

Tema 9.- Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Procedementos de elaboración e aprobación.

Tema 10.- Os bens das entidades locais. Bens de dominio público. Bens patrimoniais.

Tema 11.- Facendas locais. Presuposto municipal. Recursos dos municipios.

Tema 12.- Fases de execución do gasto público local. As modificacións de crédito. Créditos extraordinarios e suplementos de créditos. Transferencias de crédito. Xeracións de crédito. Incorporación de remanentes.

Tema 13.- Contratos do sector público: obras, concesión de obras, concesión de servizos, subministro, servizos, mixtos.

Tema 14.- Contratos menores.

Tema 15.- Contratos do sector público: competencia e normas específicas en materia de contratación nas entidades locais.

Tema 16.- Ingresos das entidades locais: enumeración. Os tributos locais: principios xerais e principios específicos.

Tema 17.- Enumeración e clasificación dos impostos municipais. Imposto sobre bens inmoables: feito imponible, exencións, suxeitos pasivos e base imponible.

ANEXO II**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESO SELECTIVO
SELECCIÓN DUN ADMINISTRIVO/-A DE ADMINISTRACIÓN XERAL**

DENOMINACIÓN DA PRAZA OU POSTO DE TRABALLO: ADMINISTRIVO/-A DE ADMINISTRACIÓN XERAL
--

CARÁCTER DA CONVOCATORIA: FUNCIONARIO INTERINO	FORMA DE PROVISIÓN: CONCURSO - OPOSICIÓN
---	---

DATOS DO SOLICITANTE:

Apelidos e nome:

DNI:

Enderezo:

Enderezo electrónico:

Teléfono:

Manifesto expresamente, e baixo a miña responsabilidade, que reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas bases reguladoras deste proceso, que coñezo e acepto, SOLICITO a admisión para tomar parte na selección.

O Vicedo, de de 2019

(Sinatura)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO

ANEXO III**RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE XUSTIFICAN E FORMA DE ACREDITACIÓN**

DON/A

DNI nº

1.-

2.-

3.-

4.-

5.-

6.-

7.-

8.-

9.-

10.-

(...)

O Vicedo, de de 2019

(Sinatura)

ANEXO IV
DECLARACIÓN RESPONSABLE

DON..... con DNI nº e
endereço.....

DECLARO: Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto, e de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, non meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

O Vicedo, de de 2019

(Sinatura)

O Vicedo, 13 de setembro de 2019.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2792

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 GIJÓN

Anuncio

D.GONZALO PEREZ VAZQUEZ, , Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 002 de GIJON, HAGO SABER:

Que en el procedimiento EJECUCIÓN DE TITULOS JUDICIALES 0000099/2019 de este Juzgado de lo Social, seguido contra la empresa ALLDECOR GALICIA SOCIEDAD LIMITADA, sobre DESPIDO, se ha dictado **la resolución cuyos datos se hacen constar a continuación, de la que los interesados podrán tener conocimiento íntegro en la oficina judicial, y contra la que cabe interponer el recurso que se indica.**

- **RESOLUCIÓN:** Auto de fecha 17/09/2019.
- **PLAZO para la interposición del recurso de reposición:** TRES DIAS.
- **EMPRESA A QUIEN SE NOTIFICA:** ALLDECOR GALICIA SOCIEDAD LIMITADA,

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

Expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

En GIJON, a diecisiete de septiembre de dos mil diecinueve EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.

R. 2876

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

D/Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 003 DE LUGO.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D/Dª AURA YUDELKIS RAMIREZ GAVILAN contra LIMPIEZAS PEÑA MONFORTE SL, en reclamación por DESPIDO, registrado con el nº DESPIDO/CESES EN GENERAL 0000648 /2019 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, **citar a LIMPIEZA PEÑA MONFORTE SL**, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día **8/11/2019 a las 10:40 horas**, en Planta 4 - Sala 8 - Edif. Xulgados, **para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio**, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que **deberá acudir con todos los medios de prueba** de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **LIMPIEZAS PEÑA MONFORTE SL**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En LUGO, a diecinueve de septiembre de dos mil diecinueve.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**

R. 2877